

**Proxecto de Decreto ....., polo que se modifica parcialmente o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais**

A Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), no artigo 1 crea a Axencia e adscríbea á consellería con competencias en materia de cultura da Xunta de Galicia, prevendo no artigo 2.3 que o Estatuto da Agadic será aprobado e modificado por Decreto do Consello da Xunta, a proposta da persoa titular da Consellería en materia de Cultura.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece no artigo 54.3 que, despois da creación da Axencia, se procederá á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda. Do mesmo xeito, o artigo 55.1 sinala que a modificación dos estatutos das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda.

No ano 2012 aprobouse o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro).

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, establece no seu artigo 2 a adscrición da Axencia Galega das Industrias Culturais á Consellería de Cultura e Turismo.

Coa modificación do Decreto 150/2012, do 12 de xullo realízanse algunhas adaptacións necesarias na estrutura da AGADIC, recollida na sección terceira, en aras da optimización do funcionamento da dita Axencia.

En primeiro lugar dótese dun departamento de Coordinación Xeral e Xerencia, como órgano ao que lle corresponden as funcións xerenciais de xestión e administración. A diversidade de funcións dos distintos departamentos da Axencia fai necesaria a creación dun departamento transversal que facilite a coordinación e o asesoramento en cuestións de índole administrativa aos restantes departamentos técnicos. Do mesmo xeito, potencianse tamén as funcións técnico xurídicas e de apoio normativo, sen prexuízo do asesoramento que presta a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, de acordo coa Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Así mesmo, recóllese no departamento de Coordinación Xeral e Xerencia a competencia sinalada no artigo 7 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que recolle a modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na que se engade ao citado texto refundido un novo artigo 50 bis relativo á elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos da sección.

Por outra banda, o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, na súa Disposición adicional 5ª.1 establece que o Centro Galego de Artes da Imaxe, creado por Decreto 210/1989, do 5 de outubro, intégrase na Axencia Galega de Industrias Culturais, polo que compre adscribilo funcionalmente ao departamento de Política Audiovisual, como unidade que se encargará da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego.

Finalmente, modifícase a denominación e as funcións do Departamento de Producción Coreográfica, que pasa a chamarse Departamento de Música e Danza, máis acorde cos seus novos cometidos, así como as funcións do Departamento de Producción Teatral.

Revísase tamén o artigo referido á regulación do persoal directivo, afectado pola modificación da estrutura orgánica da AGADIC.

Esta nova estrutura está amparada pola competencia exclusiva que os artigos 148.1º.1 da Constitución española e 27.1º do Estatuto de autonomía de Galicia lle atribúen á Comunidade Autónoma galega para organizar as súas institucións de goberno e atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, conforme ao disposto no artigo 103.1º do texto fundamental, deben presidir a actuación administrativa.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, co informe previo da Consellería de Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día .....

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais

**O artigo 22 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

**Artigo 22. O Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia**

Baixo a dependencia directa da persoa titular da Dirección da Axencia, existirá un coordinador xeral xerente, a quen lle corresponderán as seguintes funcións:

- a) A supervisión dos distintos departamentos da Axencia e do funcionamento dos servizos comúns.
- b) A asistencia e o apoio xurídico nos temas de competencia da Axencia
- c) A asistencia á dirección na elaboración do plan de acción anual sobre a base dos recursos dispoñibles e de acordo co contrato plurianual de xestión
- d) A asistencia á dirección na elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos
- e) A xestión económica dos convenios e das convocatorias de axudas.
- f) A xestión dos expedientes de contratación e a xestión patrimonial da Axencia.
- g) A execución das directrices en materia de persoal.
- h) A asistencia e xestión de cantos asuntos lle sexan encomendados por razón da súa competencia e en xeral aquelas funcións que lle sexan asignadas pola Dirección da Axencia.

A persoa que exerza a titularidade do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia terá a condición de persoal directivo e será nomeada e separada polo Consello Reitor a proposta da Dirección da Axencia, con nivel orgánico equivalente ao de subdirección xeral, segundo o sinalado no artigo 35.

**Engádesse o artigo 22 bis ao Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, quedando redactado como segue:**

### **Artigo 22 bis. O Departamento de Xestión**

Para o desenvolvemento das funcións que lle son encomendadas, o departamento de Coordinación Xeral e Xerencia contará co apoio dun Departamento de Xestión, ao que lle corresponderán as funcións de xestión e administración dos servizos xerais que darán soporte administrativo aos distintos departamentos da Axencia, a xestión dos recursos humanos, a xestión económico-financeira e a recompilación e difusión de coñecemento e documentación nas materias competencia da Agadic e, en xeral, a asistencia e xestión de cantos asuntos lle sexan encomendados polo coordinador xeral xerente.

**O artigo 23 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

### **Artigo 23. Os Departamentos Técnicos**

Baixo a dependencia directa da persoa titular da Dirección de Agadic existirán catro departamentos técnicos, á fronte dos cales existirá unha coordinadora ou coordinador: o Departamento de Fomento e Promoción de Políticas Culturais, o Departamento de

Política Audiovisual, o Departamento de Producción Teatral e o Departamento de Música e Danza.

**O artigo 25 do DECRETO 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

### **Artigo 25. Departamento de Política Audiovisual**

1. Ao Departamento de Política Audiovisual correspóndelle o desenvolvemento das políticas de promoción das industrias audiovisuais.

Adscríbese funcionalmente a este departamento o Centro Galego de Artes da Imaxe ao que lle corresponde a salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego.

2. As funcións da persoa coordinadora do Departamento de Política Audiovisual son:

- a) Establecer programas de cooperación con outros centros de similares características.
- b) Impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito do audiovisual e posibles aliados no exterior.
- c) Impulsar a recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego coa fin de proporcionar un maior coñecemento das artes da imaxe.
- d) Desenvolver cantas outras funcións lle sexan especificamente encomendadas pola Dirección da Agadic.

**O artigo 26 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

### **Artigo 26. O Departamento de Producción Teatral**

1. Ao Departamento de Producción Teatral correspóndelle o desenvolvemento da política de creación e programación teatral relativo ao Centro Dramático Galego e ao Salón Teatro.

2. A persoa coordinadora do Departamento de Producción Teatral desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Exercer a dirección artística do Centro Dramático Galego.
- b) Dirixir, coordinar e planificar a actividade da sede ao seu cargo.
- c) Propoñer o plan de programación anual do Centro Dramático Galego e, en particular, o do Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- d) Proponer as compañías artísticas e/ou produtoras encargadas de producir cada espectáculo programado e participar na selección dos artistas para aqueles espectáculos que o requiran e, en xeral, xestionar o programa de actividades culturais do Centro Dramático Galego.
- e) Impulsar os acordos de cooperación e colaboración con outros centros análogos e, en xeral, con cantas institucións públicas e privadas poidan coadxuvar á consecución dos fins do centro.
- f) Desenvolver cantas outras funcións lle sexan especificamente encomendadas pola Dirección da Agadic.

**O artigo 27 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

#### **Artigo 27. O Departamento de Música e Danza**

- 1. Ao Departamento de Música e Danza correspóndelle o desenvolvemento, a promoción e o fomento da música e da danza.
- 2. A persoa coordinadora do Departamento de Música e Danza desenvolverá as seguintes funcións:
  - a) Realizar as actuacións necesarias para o fomento da música e da danza
  - b) Impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito do departamento e promover alianzas no exterior.
  - c) Exercer a dirección do Centro Coreográfico Galego.
  - d) Desenvolver cantas outras funcións lle sexan especificamente encomendadas pola Dirección da Agadic

**O artigo 35.1 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, queda modificado como segue:**

#### **Artigo 35. Persoal directivo**

- 1. Constitúen o persoal directivo da Agadic a persoa titular do departamento de Coordinación Xeral e Xerencia e as persoas coordinadoras dos restantes departamentos, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das funcións asignadas a elas.
- 2. O persoal directivo da Axencia é nomeado e apartado polo Consello Reitor, logo de proposta motivada da Dirección da Axencia. A súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade e competencia profesional, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

3. Cando o persoal directivo da Axencia teña a condición de funcionario, permanecerá na situación administrativa que lle corresponda segundo a normativa reguladora da función pública de Galicia.
4. Cando o persoal directivo da Axencia teña a condición de persoal laboral, estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección. Neste caso, a fixación das súas retribucións deberá contar cun informe previo favorable dos centros directivos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes en materia de orzamentos e de función pública.
5. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento das súas funcións, á avaliación de acordo cos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle foron fixados.
6. O persoal directivo poderá percibir unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e coas porcentaxes que estableza o Consello Reitor e de conformidade coa normativa reguladora da función pública de Galicia e co Decreto 119/2012, do 3 de maio

#### **Disposición derogatoria única. Derogación normativa**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

#### **Disposición derradeira primeira. Modificación da relación de postos de traballo**

A Agadic propondrá as modificacións que procedan na relación de postos de traballo, derivadas da modificación da estrutura orgánica que se establece neste decreto.

#### **Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa**

Mentres non se aprobe a relación de postos de traballo, facúltase a persoa titular da dirección da Agadic para ditar os actos e adoptar as medidas que sexan necesarias para a adaptación ou, se é o caso, asignación do persoal á estrutura establecida neste decreto ou derivada dela, así como as que procedan para o seu desenvolvemento e execución.

#### **Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ..... de dous mil dezanove.